

HUMIDAL DA FROUXEIRA: VÍTIMA DA NEGLIXENCIA DA ADMINISTRACIÓN


Xosé Antón Muñiz*

Galiza é o territorio ibérico que maior número de humidais posúe. Neles consérvase unha elevada diversidade de medios ecolóxicos e especies de flora e fauna silvestres, moitos dos cales son exclusivos destes ecosistemas. De todos é sabido, aínda que a Administración o esquece, que os humidais exercen ademais múltiples funcións no noso castigado medio en relación coa dispoñibilidade e autodepuración da auga, a mitigación dos efectos adversos das riadas ou o secuestro a longo prazo de grandes cantidades de CO₂ atmosférico.

O estado de conservación dos humidais galegos é claramente mellorábel. Ano tras ano, pérdense ou destrúense humidais en Galiza, co beneplácito, cando non, co apoio económico, dunha administración que se amosa incapaz de promover a conservación e o uso sostíbel destes ecosistemas e de cumprir e facer cumprir a normativa ambiental. A apatía da administración autonómica polos humidais queda patente cando dos máis de 1.100 humidais galegos inventariados, só 5 están incluídos no Listado de Humidais de Importancia Internacional (Ramsar). Nos últimos 18 anos, e á diferenza doutras Comunidades Autónomas, en Galiza non se incorporou ningún novo humidal á lista Ramsar, cando aquí existen enclaves que superan claramente os criterios establecidos para iso. A administración prefere esquecer a súas obrigas e facilitar o desenvolvemento de proxectos espurios nos nosos humidais.

O HUMIDAL DA FROUXEIRA

O humidal da Frouxeira en Valdoviño sufriu, na súa recente historia, lamentábeis actuacións a pesar de posuír 6 figuras legais de protección como espazo natural e formar parte da Rede Internacional de Humidais Ramsar, da Rede Natura 2000 e da Rede de Espazos Naturais Protexidos de Galiza. Nin os valores ambientais, nin as funcións ecolóxicas, nin as figuras de protección, son tidas en conta polos responsábeis encargados da súa protección, cuxo facer ano tras ano, supuxo unha conti-



Redución da superficie protexida do Ramsar de Valdoviño en 250 ha.

nua degradación do humidal e do sistema dunar que o engloba.

É unha das escasas lagoas costeiras que persisten en Galiza. Estes medios sufriron historicamente unha continua degradación, a extracción de áridos, a súa transformación en terreos agrícolas, a especulación urbanística ou en períodos máis recentes os efectos negativos de distintas actuacións orientadas a facilitar un uso turístico das praias con proxectos públicos designados eufemisticamente como de "Restauración".

Con diñeiro público, na década dos oitenta, construíuse na Frouxeira un paseo marítimo e un aparcadoiro que tiveron consecuencias moi negativas sobre a conservación do sistema dunar e da lagoa, propiciando un desenvolvemento urbanístico totalmente incontrolado. Anos máis tarde, e co espazo integrado dentro da Rede Natura 2000, creáronse novos aparcadoiros e zonas axardinadas no sistema dunar, así como unha mesta rede de pasarelas que alteran a dinámica e evolución do sistema dunar.

Mentres, os vehículos seguen circulando e estacionándose en moitas áreas do humidal sobre hábitats protexidos ou sobre enclaves de especies protexidas.

Entre as actuacións máis vergoñentas acontecidas na Frouxeira resalta a modificación dos límites do espazo Ramsar da "Lagoa e Areal de Valdoviño" en 2006, que supuxo a redución da área protexida en 250 Ha. A modificación fíxose coa única intención de facilitar un desenvolvemento urbanístico irracional. Estamos ante un dos maiores desastres urbanísticos de Galiza, sobre o cal a Xunta non quixo dar ningún tipo de explicación.

ADEGA denunciou ante a Fiscalía de Medio Ambiente e ante distintos organismos a alteración dos límites deste Ramsar establecidos en 1993 e ten solicitado que se consideren nulas a todos os efectos estas modificacións ao carecer de xustificación legal e responder unicamente a intereses espurios.

O desleixo da Administración queda ademais de manifesto pola falta de control na tenza e uso de munición de



Bulldózers alterando a barreira de area días antes de romper por ese punto (25/01/2012).



Rotura da barreira de area no mesmo punto onde os bulldózers traballaron incesantemente e baleirado da lagoa (30/01/2012).

chumbo nos límites do humidal, onde segue empregándose a pesar de ser un refuxio de caza e cando a normativa estatal o prohíbe nos humidais protexidos.

Moitos destes factores negativos son comúns noutros humidais galegos. Pero a maiores, a lagoa da Frouxeira diferénciase doutros por manter até os nosos días prácticas de sangrado e desecamento da súa lámina de auga, derivadas e inspiradas na funesta lexislación da Ditadura de Primo de Rivera, a coñecida como Lei Cambó. Estas normativas, que propiciaban prácticas para a conversión das lagoas e outros tipos de humidais en terreos agrícolas, co tempo, mantivéronse na Frouxeira, co fin de facilitar a urbanización dos territorios contiguos ao medio acuático.

APERTURAS DA LAGOA E DESTRUCCIÓN DA BARREIRA LITORAL

A Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade traspón de forma total e efectiva as directivas europeas que fundamentan a Rede Natura 2000. Malia a promulgación desta, a Xunta de Galiza mantivo unha xestión dos humidais á marxe dos obxectivos e procedementos que recolle a normativa estatal. Na Frouxeira este comportamento derivou, en anos consecutivos, na autorización do sangrado da lagoa, coa finalidade de evitar que a enchente ordinaria da lagoa mergullase o paseo marítimo e os accesos das edificacións que se construíron en zonas de inundación natural. Estas actuacións foron autorizadas pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza (DXCN) sen considerar os procedementos que a Lei 42/2007 establece.

Como consecuencia da apertura artificial efectuada en decembro do 2009, alterouse de forma moi grave o réxime hidrolóxico do humidal. A lagoa mantívose con condicións anómalas máis de 20 meses. Neste longo período, a maior parte da lagoa quedou sen auga. Mentres que nas áreas onde persistía unha minúscula lámina de auga, establecíanse condicións fortemente limitadoras para a vida da maior parte dos organismos acuáticos.

Ante esta situación, ADEGA, entre outros motivos, interpuxo unha denuncia ante a Fiscalía de Medio Ambiente no ano 2010, por vulnerar a lei e non terse realizada unha avaliación previa dos efectos que ía ter o baleirado artificial sobre o espazo protexido e sobre os seus hábitats e especies. En todo este longo período no que a lagoa estivo practicamente sen auga, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza (DXCN) non realizou ningunha actuación que puidese minimizar os efectos negativos xerados pola apertura.

En agosto do 2011 produciuse o peche natural da barreira costeira, o que levou coa chegada das chuvias, e como era previsíbel, a que a lagoa ocupase as súas zonas naturais de inundación, cubrindo o mal deseñado paseo marítimo. Debido á presión exercida polos propietarios das vivendas, a DXCN instalou, en xaneiro do 2012, unha barreira de sacos de area co fin de eliminar a auga do paseo marítimo mediante bombeo forzado. Á vez, abríronse varias pistas para darlle saída ás vivendas sen ter que discorrer polo paseo marítimo. A prontitude e o valor económico destas actuacións, non previstas nas competencias da

DXCN que por lei veñen determinadas, contrastan coa pasividade e a negligencia deste organismo para cumprir tamén coas obrigacións referentes á conservación do humidal.

O elevado custo das actuacións de bombeo, levaron á Administración a iniciar o 25 de xaneiro deste ano unha actuación de apertura "controlada" da lagoa. O cambio de opinión resulta contradictorio cando o propio Conselleiro de Medio Rural a través dun comunicado oficial (30/12/2011), indicaba: "Os procesos abertos na UE polas denuncias de colectivos ambientalistas paralizan calquera intervención para o seu baleirado artificial". E ademais sen ter en conta ao Parlamento Galego que en 2010 adoptou, por unanimidade de todos os grupos políticos, un acordo no que se instaba á Xunta a buscar unha xestión racional e coherente cos obxectivos de conservación do humidal, e non autorizar, con carácter cautelar, novas aperturas da lagoa.

O mencionado cambio de opinión e as súas consecuencias sobre o humidal da Frouxeira dificilmente se axustan aos procedementos establecidos pola Lei 42/2007, máis aínda cando non se achegaron nin proxecto público, nin informes científico-técnicos, nin plan de xestión que xustificasen e avaliasen ambientalmente as medidas propostas.

O 25 de xaneiro a empresa Tragsa comezou as obras para este desaugadoiro artificial da lagoa, construíndo unha grande canle con maquinaria pesada que afectou á base da barreira de area. Mentres, desde a zona de praia, 3 bulldózers empurraban area dende a praia baixa ao cumio da barreira natural. Ambas as dúas



Maquinaria pesada traballando no humidal (26/01/2012).



Vexetación acuática morta tras a apertura da lagoa (02/02/2012).



Lagoa da Frouxeira case seca tras o baleirado da lagoa (10/03/2012).

actuacións non resultan coherentes para asegurar a estabilidade dunha barreira natural de area. Os efectos negativos de *bulldózers* e retroescavadoras sobre a barreira de area víronse aos cinco días de iniciar as obras cando a barreira rompeu, xusto onde estiveron a traballar e circulando de forma continua os bulldózers.

Tras a rotura da barreira produciuse un baleirado enérxico da lagoa que xerou unhas condicións catastróficas para moitos organismos acuáticos, aparecendo mortos, en grandes cantidades, peixes, crustáceos, poliquetos,... e especies de flora como *Potamogeton* e *Ruppia*, que quedaron descubertas coa retirada das augas. A Administración incumpríu de novo en 2012, e como acontecera en 2009, o Decreto 127/2008 de humidais de Galiza e a Lei 42/2007, ao provocar unha alteración hidrolóxica do humidal e executar obras de baleirado sen xustificación ambiental e sen un procedemento de avaliación das súas repercusións.

Transcorrido o tempo, e a diferenza do que acontece noutras lagoas costeiras de Galiza (San Pedro de Muro, Xuño, Doniños, Traba, Vixán,... que teñen auga) a lagoa de A Frouxeira atópase, a día de hoxe, case seca. As condicións actuais evidencian unha nova etapa de alteración do ciclo hidrolóxico que previsiblemente se prolongue no tempo.

CONCLUSIÓN

A situación creada na Frouxeira é un exemplo do pouco interese e da incompetencia dos poderes públicos na protección do medio natural. A modificación irregular dos límites do Ramsar de Valdo-


viño, sen unha mínima explicación; o crecemento urbanístico anómalo e descontrolado en terreos considerados, no momento do inicio da construción, como "Humidal de importancia internacional"; ou a realización dun paseo "mergullábel" nas augas da lagoa, son mostra do descontrol ambiental e territorial que de forma endémica padece o noso país.

A actuación desenvolvida polas Administracións para tratar de controlar supostamente o nivel de inundación da lagoa é outro exemplo da chapuza político-administrativa que observamos a diario en temas ambientais. Os *bulldózer* e máquinas transitaron pola barreira e a praia sen ningún tipo de control e modificouse sen criterio o perfil da praia, actuando en concreto na zona máis fráxil da barreira. Todas estas accións provocaron un dano na barreira que rematou cedendo e abrindo de forma violenta.

As consecuencias inmediatas desta apertura son doadamente visíbeis. Causou a morte xeneralizada da fauna e flora acuática. A auga mantén unha cor leitosa e turbia, e o seu nivel volve situarse en condicións anómalas en relación coa configuración espacial dos hábitats e o seu funcionamento ecolóxico. A manipulación sen sentido deste humidal vulnera a normativa ambiental que defende a protección de hábitats, especies e procesos naturais. É difícil valorar as consecuencias a medio ou longo prazo desta apertura, que quedará marcada na lamentábel historia deste humidal.

* Xosé Antón Muñiz é membro de ADEGA-Ferrolterra.

NOVIDADES XERAIS



Xeografía de Galicia

María Xosé Piñeira Martiñán / Xosé Manuel Santos Solla (Coords.)

SE NON ENTENDEMOS COMO FUNCIONA O NOSO TERRITORIO DIFICILMENTE PODEREMOS CONVIVIR CON EL EN HARMONÍA. ATOPÁMONOS, XA QUE LOGO, DIANTE DUNHA OBRA QUE CONSTITÚE UN INSTRUMENTO NOVIDOSO E IMPRESCINDIBLE PARA ENTENDER A NOSA REALIDADE HOXE.

Con esta nova Xeografía de Galicia realízase unha achega que actualiza a análise territorial no noso país, incorporando temas novidosos que, malia formaren parte do universo xeográfico, non sempre ocuparon o seu centro: o medio ambiente, o turismo, as relacións internacionais; ou aspectos tan relevantes da cultura como a lingua.